

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no Diario Oficial de Galicia)	

SUMARIO

Orde do 20 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia, financiadas co Instrumento de Recuperación da Unión Europea (EURI) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MR351A)

TEXTO:

A estrutura e dimensión da maioría das explotacións galegas, o elevado custo de adquisición e utilización da maquinaria e equipamentos, e os altos custos de amortización que xera a utilización de maquinaria individualmente, fai necesario o impulso de modelos de utilización de maquinaria e equipamentos de forma colectiva orientados a abordar conxuntamente os traballos no eido agrícola e gandeiro.

Estes modelos melloran a eficiencia dos procesos produtivos nas explotacións agrarias, así como as condicións de traballo, desde a dobre vertente, cuantitativa e cualitativa, e contribúen así, á creación de unidades produtivas máis eficientes e sustentables, económico-social e ambientalmente, o que redunda nunha mellora da calidade de vida da poboación dedicada ás actividades agrarias e, por conseguinte, tamén a unha maior fixación da poboación no medio rural.

O Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro do 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE)



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

nº 1698/2005 do Consello, que fixa os obxectivos aos que debe contribuír a política de desenvolvemento rural e as correspondentes prioridades da Unión en materia de desenvolvemento rural, pola que establece axudas para apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, e o Regulamento (UE) nº 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro do 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias que completan as normas relativas ás medidas de investimentos, constitúen o marco normativo de referencia neste ámbito.

O Regulamento (UE) n.º 2020/2094 do Consello do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea (EURI) para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, dispón recursos adicionais co obxectivo de afrontar as repercusións á crise da COVID-19 e as súas consecuencias no sector agrícola e nas zonas rurais.

O importe asignado de fondos EURI para o desenvolvemento rural incorpórase para a súa xestión no Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014_2020. O Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014_2020 foi aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015 e modificado por última vez mediante Decisión de Execución da Comisión C (2023) 8731 final, do 6 de decembro de 2023. Os devanditos fondos contan cun 100% de financiamento UE.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período, así como o Plan Galego de investigación e innovación 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Neste contexto, o primeiro reto da RIS3 consiste en desenvolver un modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación e a modernización dos sectores primarios galegos incidindo na mellora da eficiencia e o rendemento no uso dos recursos endóxeos. En relación con este reto, dúas prioridades para avanzar no necesario proceso de modernización de actividades tradicionais son a sostibilidade e a dixitalización.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 2 enfócase en facilitar que as empresas máis pequenas incorporen a innovación no seu proceso produtivo.

En efecto, a presente convocatoria enmárcase na RIS3 respondendo aos retos 1 e ás prioridades 1 (sostibilidade) e 2 (dixitalización). Ten como obxectivo estratéxico facilitar que as empresas incrementen a súa competitividade a través da incorporación da innovación ao seu proceso produtivo (obxectivo estratéxico 2) integrándose polo tanto no programa Innova e emprende.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Organismo: Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

DISPOÑO:

CAPITULO I

Bases reguladoras

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta Orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo no marco do PDR de Galicia 2014-2020, financiadas co Instrumento de Recuperación da Unión Europea (EURI), cunha participación do 100% de fondos da UE, dentro da medida 4 Investimentos en activos físicos, submedida 4.18 Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, así como convocalas para o ano 2025.
2. Esta axuda ten como finalidade:
 - a. Promover a utilización de maquinaria e equipamentos de carácter agropecuario en réxime asociativo.
 - b. Fomentar a introdución de novas tecnoloxías no emprego de maquinaria e equipamentos.
 - c. Racionalizar os custos de mecanización, incrementar os mecanismos de seguranza no traballo, reducir as emisións contaminantes e fomentar o aforro enerxético, na procura dunha mellora da calidade de vida no medio rural.

Artigo 2. *Definicións*

Ademais das definicións establecidas na normativa comunitaria e estatal de aplicación, aos efectos desta Orde, enténdese por:

1. Maquinaria agrícola: Máquinas, motrices ou operadoras, que se utilizan para usos agrícolas. A esta categoría pertencen os tractores, as máquinas automotrices e todos os aparatos que utilizan a enerxía subministrada por un motor para desenvolver traballos agrícolas.

Entre as máis estendidas cabe citar as destinadas á preparación e traballo do terreo (arados, cultivadoras, compactador, etc.), sementadoras, de fertilización, de



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

aplicación de tratamentos fitosanitarios, de desbroce e limpeza, de tratamento do forraxe, de transporte, de colleita (segadoras, recolledoras, fileiradoras, etc.), de preparación e distribución de alimentos para o gando (carros mesturadores, remolques, etc.), e as adicadas á hortofruticultura e viñedo.

2. Investimentos colectivos: Investimento realizado por unha entidade procedente de fusión nos últimos 5 anos naturais.
3. Investimentos en proxectos de cooperación: Investimentos relacionados cun proxecto financiado pola medida 16 do PDR de Galicia.
4. Entidades procedentes de fusión: Entidade que proceden dunha fusión finalizada nos últimos 5 anos naturais.

Poden ser dos seguintes tipos:

- a. Cooperativas procedentes de fusión por absorción: Combinación de negocio no que unha cooperativa absorbe a outra ou máis cooperativas que se disolven. As cooperativas absorbidas non se liquidan, senón que se traspasan os patrimonios, persoas socias e asociadas da/s cooperativa/s absorbidas á cooperativa absorbente, asumindo esta os dereitos e obrigas da/s cooperativa/s disolta/s.
 - b. Cooperativas procedentes de fusión por creación dunha nova cooperativa: Combinación de negocio no que dúas ou máis cooperativas disólvense e dan lugar a unha nova. Neste caso tampouco existe liquidación, senón traspaso de patrimonio, persoas socias e asociadas.
 - c. Sociedades agrarias de transformación que proceden da fusión de dúas ou máis explotacións agrarias.
5. Últimos 5 anos naturais: Dende o 01/01/2020 ata o día de presentación da solicitude.
 6. PEME: Empresa con menos de 250 efectivos e volume de negocio ata 50 millóns de €, ou balance xeral ata 43 millóns de €.

Artigo 3. *Persoas beneficiarias*

Unicamente poderán ser persoas beneficiarias da axuda regulada nesta orde:

- a. As cooperativas agrarias.
- b. Cooperativas de utilización de maquinaria en común (CUMA).



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

- c. As cooperativas de explotación comunitaria da terra de 5 ou menos anos de antigüidade.
- d. As sociedades agrarias de transformación procedentes da fusión de polo menos dúas explotacións agrarias, nos últimos 5 anos naturais. En diante SAT de fusión.

Artigo 4. *Requisitos para tódalas entidades beneficiarias da axuda*

1. Deberán xustificar a necesidade e a viabilidade dos investimentos mediante a presentación dun estudio de viabilidade.
2. Non ter a consideración de empresa en crise. Considérase que as empresas en crise son as que concordan coa definición do artigo 2, apartado 18) do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño.
3. Non poderán obter a condición de beneficiarias das axudas reguladas nesta orde as persoas ou entidades en quen concorra algunha das circunstancias establecidas polos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e polo artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. No caso das cooperativas agrarias, as cooperativas de utilización de maquinaria agrícola (CUMA) terán un mínimo de catro persoas socias. Todas as explotacións que formen parte dunha CUMA deberán estar situadas dentro dun radio de acción de 20 kilómetros.
5. As sociedades agrarias de transformación con obxecto social prioritario o uso da maquinaria terán un mínimo de catro persoas socias. Para as sociedades agrarias de transformación que non teñan como obxecto social prioritario a utilización de maquinaria, deberán proceder da fusión de explotacións agrarias.
6. As cooperativas de explotación comunitaria da terra terán un mínimo de catro persoas socias.
7. Tanto as explotacións agrarias como as cooperativas agrarias ou as sociedades agrarias de transformación deberán estar inscritas nos correspondentes rexistros oficiais.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias***Artigo 5. Compromisos que deben asumir as entidades beneficiarias das axudas*

1. Permanencia da entidade na actividade durante 5 anos dende o pagamento da axuda.
Durante todo o dito período de tempo, debe cumprir os mesmos requisitos que no momento da concesión da axuda.
2. Permanencia dos investimentos durante 5 anos dende o pagamento da axuda.
3. Levar ao día un libro de rexistro da súa maquinaria, así como un programa de control e xestión específico para ela, que lles permita establecer e analizar os seus custos.
Non é preciso nas SAT de fusión e nas cooperativas de explotación comunitaria da terra.
4. Inscribir a maquinaria obxecto de axuda no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) e matriculala cando a tipoloxía da máquina o requira.
5. Dispor de contabilidade específica Feader.
6. Que todos os pagos que se realicen polo uso da maquinaria subvencionada serán por medio de entidade bancaria, independentemente do importe dos mesmos. Non é preciso nas SAT de fusión nin nas cooperativas de explotación comunitaria de terra.

Artigo 6. Forma e lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias***Artigo 7. Investimentos subvencionables*

1. Os investimentos subvencionables son os seguintes:
 - a. Maquinaria agrícola.
 - b. Estudos técnico-económicos de viabilidade.
2. Non se subvencionarán:
 - a. A mera reposición ou adquisición de maquinaria de segunda man ou usada.
 - b. O IVE e outros impostos.
 - c. Os investimentos en maquinaria ou equipamentos relacionados coa transformación e comercialización de produtos agrarios ou forestais, nin máquinas de pequena significación para os efectos do conxunto das persoas socias da agrupación.
 - d. A maquinaria e os investimentos de carácter forestal.
 - e. Colleitoras de forraxes cun uso previsto menor a 500 horas anuais.
 - f. A maquinaria de aplicación de xurro mediante sistemas de prato, abanico ou canóns.
3. Para dar cumprimento ao requisito de moderación de custes propostos, que se establece no artigo 48.2.e) do Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, compararanse todas as ofertas achegadas por todos os solicitantes, independentemente da esixencia de presentar un mínimo de tres ofertas de distintos provedores.

En aplicación da moderación de custes, fíxase en 1.000 € o custe máximo elixible para os estudos técnicos-económicos de viabilidade.
4. Establécese un investimento elixible mínimo de 20.000 € para poder ser subvencionable. O volume total do investimento elixible máximo subvencionable para cada persoa beneficiaria será de 250.000 €.

Artigo 8. Comezo da subvencionabilidade

Serán subvencionables os gastos efectuados con posterioridade á presentación da solicitude da axuda en tempo e forma trala correspondente convocatoria pública, tendo en conta que a simple presentación da solicitude en modo algún garantirá a súa aprobación, coa excepción dos gastos dos estudos.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias***Artigo 9. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electrónicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. Tramitación e resolución das axudas

1. O servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario da Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural instruirá os expedientes, realizando de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Se a solicitude de axuda non reúne os requisitos previstos, ou non se presenta cos documentos preceptivos, requirirase para que, no prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fai, considerarase que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución, de conformidade co disposto nos artigos 68.1 e 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

2. Unha vez que o Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario verifique o cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda, o órgano colexiado, aplicará os criterios de prioridade para que a persoa titular da Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias formule a proposta de resolución. Este órgano estará presidido pola persoa titular do Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario, e integrado por tres persoas funcionarias desa mesma subdirección xeral con categoría non inferior a xefe de negociado, unha das cales actuará como secretario/a.
3. A persoa titular da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural, en virtude da orde da Consellería do Medio Rural do 17 de novembro de 2015, vista a proposta, ditará a correspondente resolución de concesión da subvención e o seu importe previsto, segundo as normas e criterios establecidos nesta orde, no prazo de dous meses contados a partir da data de remate do prazo de solicitude. Transcorrido



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

o dito prazo sen que se ditase e notificase a correspondente resolución, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude.

Artigo 11. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

6. A notificación da concesión da axuda informará as persoas beneficiarias de que a medida se subvenciona en virtude dun programa financiado polo Feader, e da medida e da prioridade do PDR da que se trate.

Artigo 12. *Publicación das resolucións*

Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións de concesión e de denegación, o que producirá os efectos da notificación.

Artigo 13. *Modificación da resolución de concesión*

1. Toda alteración das condicións iniciais para a concesión das axudas previstas nesta orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.
2. Calquera modificación dos investimentos aprobados que supoña un cambio de obxectivos ou conceptos, así como de calquera condición específica sinalada na resolución de concesión, requirirá a autorización desta consellería, unha vez presentada a correspondente solicitude xustificativa.
3. Unha vez aprobado o expediente, calquera cambio sobre os investimentos que se aprobaron deberá ser solicitado cunha anterioridade de polo menos 2 meses antes de que remate o prazo de execución. A autorización destes cambios será anterior á execución dos mesmos. Isto supón que os xustificantes do gasto e do pago destes novos investimentos autorizados deberán ter data posterior á dita autorización. Estes cambios sobre os investimentos deberán ser autorizados pola Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural. O prazo para resolver estes cambios será de 1 mes. Se transcorrido o prazo para ditar a correspondente autorización, esta non se producise, a persoa beneficiaria entenderá desestimada a súa petición de cambio de investimento. Non se admitirán modificacións que dean lugar a unha contía de axuda superior á establecida na resolución de concesión.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

4. Porén, os cambios nos investimentos que non supoñan cambio do tipo de máquina, serán validados na certificación. Neste caso, de ser a nova máquina de maior potencia ou capacidade que a aprobada, o importe certificado será o mesmo que o aprobado, de ser menor, recalcularase o importe á baixa.
5. Para a modificación da resolución non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución tiveron lugar con posterioridade a ela.
6. A Consellería poderá rectificar de oficio a resolución cando dos elementos que figuren nela se deduza a existencia dun erro material, de feito ou aritmético.

Artigo 14. *Recursos fronte as resolucións de subvención*

As resolucións de subvención ditadas ao abeiro desta orde, así como a desestimación presunta de solicitudes, poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as entidades interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 15. *Incompatibilidade das axudas*

1. Estas axudas son incompatibles con calquera outra axuda.
2. As persoas solicitantes das axudas previstas nesta orde xuntarán, coa solicitude inicial, unha declaración do conxunto de todas as solicitudes de axuda efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto polas distintas administracións públicas.
3. Así mesmo, coa xustificación da execución total do proxecto e, en todo caso, antes do pagamento final, presentarán unha declaración complementaria do conxunto das



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 16. *Reintegro da axuda*

1. Procederá o reintegro total ou parcial do importe da axuda máis os xuros de demora correspondentes, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 que a desenvolve, tendo en conta as excepcións contidas.
2. Procederá o reintegro nas seguintes circunstancias:
 - a. Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedirían.
 - b. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
 - c. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente dos gastos xustificativos dos investimentos subvencionados.
 - d. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na lei.
 - e. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
 - f. Incumprimento das obrigas impostas as persoas beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

- g. Incumprimento das obrigas as persoas beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
 - h. Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
 - i. Nos demais supostos contemplados na normativa reguladora da subvención.
3. No caso de que a persoa beneficiaria percibise un anticipo superior á axuda definitiva, deberá reembolsar a diferenza.
4. Durabilidade dos investimentos: Deberá reembolsarse a axuda se, nos cinco anos seguintes ao pago final a persoa beneficiaria, prodúcese calquera das seguintes circunstancias:
- a. Cese ou relocalización da actividade produtiva fóra da comunidade autónoma de Galicia.
 - b. Cambio da propiedade do elemento que proporcione a un terceiro unha vantaxe indebida.
 - c. Cambio substancial que afecte á natureza, aos obxectivos ou ás condicións de execución da operación, de xeito que se menoscaben os obxectivos orixinais.
5. No caso dun pago indebido, atendendo ao disposto no artigo 7 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, a persoa beneficiaria quedará obrigado a reembolsar o importe en cuestión, ao que se engadirán, no seu caso, os xuros, que se calcularán en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pago para a persoa beneficiaria indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución.
6. Tampouco se producirá o reintegro cando, durante o período de compromiso contraído como condición para a concesión dunha axuda, a persoa beneficiaria sexa



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

absorbida ou fusionada por persoa xurídica que cumpra os requisitos esixidos, e esta asuma os compromisos e obrigas, durante a parte restante do devandito período. De non asumirse o compromiso, a persoa beneficiaria estará obrigada a reembolsar as axudas percibidas.

7. En materia de reintegro da axuda tamén será de aplicación a normativa comunitaria establecida no Regulamento (UE) 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, polo que se completa o Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao sistema integrado de xestión e control e ás condicións sobre a denegación ou retirada dos pagamentos e sobre as sancións administrativas aplicables aos pagamentos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e á condicionalidade, e no Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade e a modificación realizada ao mesmo, polo Regulamento de execución (UE) 2017/1242 da Comisión do 10 de xullo de 2017.

Artigo 17. Controis, reducións, exclusións e sancións

1. A Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias será a responsable de efectuar os controis en aplicación da normativa comunitaria establecida no Regulamento (UE) 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, polo que se completa o Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao sistema integrado de xestión e control e ás condicións sobre a denegación ou retirada dos pagamentos e sobre as sancións administrativas aplicables aos pagamentos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e á condicionalidade, e no Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade e a modificación realizada ao mesmo, polo Regulamento de execución (UE) 2017/1242 da Comisión do 10 de xullo de 2017.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

En todo caso, os controis levaranse a cabo tendo en conta o Plan Galego de Controis FEADER das medidas non establecidas no ámbito do sistema integrado para o período 2014-2020.

2. Os incumprimentos poderán derivar nos seguintes tipos de penalizacións:
 - a. Redución: diferenza entre o importe da solicitude de pago e o importe determinado ou admisible tras os controis.
 - b. Sanción: penalización que se aplica ao importe determinado ou admisible tras os controis.
 - c. Exclusión da axuda e, en determinados casos, do dereito a participar na mesma medida ou liña de axudas.

Os pagos calcúlanse sobre a base do que se considera elixible durante os controis administrativos. Cada unidade xestora determinará:

- a. O importe que se pode conceder a persoas beneficiaria en función da solicitude de pago e a decisión de concesión. A tal efecto tomarase en consideración a suma dos importes de gastos que a persoa beneficiaria presenta como xustificación da operación aprobada. No caso de que o importe da solicitude de pago sexa superior ao aprobado axustarase ao límite concedido.
- b. O importe que se pode conceder a persoa beneficiaria logo de controlar a elixibilidade dos gastos que a persoa beneficiaria presenta como xustificación da operación aprobada, mediante control administrativo ou sobre o terreo.

A cantidade a pagar a persoa beneficiaria será a definida no importe b. Cando o importe a supera ao importe b en máis dun 10%, a cantidade a pagar é igual ao importe b menos a diferenza entre os dous importes, non obstante, nunca irá máis alá do importe solicitado.

3. Non se aplicará ningunha redución, sanción ou exclusión nos seguintes supostos:
 - a. Cando o incumprimento obedeza a causas de forza maior.
 - b. Cando o incumprimento obedeza a erros obvios.
 - c. Cando o incumprimento obedeza a un erro da autoridade competente ou de outra autoridade, e se á persoa afectada por sanción administrativa non lle fora posible detectar o erro.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

- d. Cando o interesado poida demostrar de forma satisfactoria para autoridade competente que non é responsable do incumprimento das súas obrigas ou se a autoridade competente adquire de outro modo a convicción de que o interesado non é responsable.
 - e. Cando o incumprimento sexa de carácter menor, segundo defina a Comisión.
 - f. Outros casos nos que a imposición dunha sanción non sexa axeitada, segundo defina a Comisión.
4. Antes do pagamento das axudas, as persoas beneficiarias deberán acreditar de novo a xustificación de estaren ao día nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e de que non teñen ningunha débeda pendente de pagamento coa Administración da comunidade autónoma.
5. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, as persoas beneficiarias destas axudas seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei xeral de subvencións e nos artigos 50 a 68 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18. *Obriga de facilitar información*

Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lles poidan exixir os órganos competentes da Consellería do Medio Rural, as persoas beneficiarias das axudas teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lles sexa solicitada por calquera órgano de inspección ou control do Estado ou da Unión Europea.

A presentación da solicitude de concesión da subvención por parte do interesado comportará a autorización á Autoridade de Xestión, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que a dita Autoridade de Xestión delegue, para consultar a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento dos obxectivos e prioridades, de conformidade co disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro do 2013.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

No caso de investimentos con carácter innovador, a persoa interesada facilitará cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas persoas beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), as persoas beneficiarias deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

Artigo 19. Publicidade das axudas financiadas polo Feader

Nos instrumentos de información e difusión que utilice a Consellería do Medio Rural farase constar que estas axudas están financiadas co instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Serán informados tamén as persoas beneficiarias da medida e da prioridade do programa de desenvolvemento rural en que están incluídas estas axudas.

Conforme ao establecido no Regulamento de execución (UE) nº 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014, pola que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e a súa posterior modificación mediante o Regulamento de execución (UE) nº 669/2016, da Comisión do 28 de abril de 2016, a persoa beneficiaria das axudas deberá cumprir coa normativa sobre información e publicidade das axudas do Feader indicadas no anexo III do referido regulamento. Así:

- En tódalas actividades de información e comunicación que se desenvolvan, a persoa beneficiaria deberá recoñecer o apoio do Feader mostrando:
 - O emblema da Unión,
 - Unha referencia á axuda do Feader



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

- Durante a realización da operación, a persoa beneficiaria informará ao público da axuda obtida do Feader, da seguinte forma:
 - Presentando no sitio web da persoa beneficiaria para uso profesional, no caso de que exista tal sitio, unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web, e a axuda prestada pola operación, en proporción ao nivel de axuda cos seus obxectivos e resultados e destacando a axuda financeira da Unión.
 - No caso de operacións que reciban unha axuda pública total superior a 50.000 EUR, colocando ao menos un panel (dun tamaño mínimo A3) ou unha placa con información sobre o proxecto, onde se destaque a axuda financeira recibida da Unión, nun lugar ben visible para o público, onde se destaque a axuda financeira recibida da Unión así como a bandeira europea e o lema Feader: «Europa inviste no rural», nun lugar ben visible para o público.
 - No caso de que o interesado se beneficie dunha axuda pública total superior a 500.000€, deberá colocar, nun lugar visible para o público, un cartel temporal de tamaño significativo relativo ás operacións financiadas. Posteriormente, a persoa beneficiaria colocará, nun lugar ben visible para o público, un cartel ou placa permanente de tamaño significativo no prazo de tres meses a partires da conclusión da operación financiada.

Os carteis, paneis, placas e sitios web levarán unha descrición do proxecto ou da operación, e os elementos (bandeira europea e lema Feader) ocuparán como mínimo o 25% do cartel, placa ou páxina web.

Artigo 20. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquelas das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 21. Xustificantes do gasto dos investimentos

1. Os xustificantes do gasto consistirán, de forma xeral, nas facturas acreditativas dos investimentos, que cumpran as esixencias que establece a Axencia Tributaria (Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro).
2. As facturas deberán cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos:
 - a. Número e, se é o caso, serie.
 - b. A data da súa expedición.
 - c. Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
 - d. Número de identificación fiscal atribuído pola Administración española ou, se é o caso, pola doutro Estado membro da Comunidade Europea, co que realizara a operación o obrigado a expedir a factura.
 - e. Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
 - f. Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base imponible do imposto, correspondente a aquelas, e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das ditas operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no devandito prezo unitario.
 - g. O tipo impositivo ou tipos impositivos, se é o caso, aplicados ás operacións.
 - h. A cota tributaria que, se é o caso, lle repercute, deberá consignarse por separado.
 - i. A data en que se efectuasen as operacións que se documentan sempre que se trate dunha data distinta á de expedición da factura.
 - j. No caso de que unha operación estea exenta ou non suxeita ao IVE, especificarase o artigo da normativa referida ao IVE que así o recoñece.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

- k. Non se admitirán como xustificantes de gasto albarás, notas de entrega, facturas pro forma, tickets, nin as facturas que non conteñan todos os requisitos citados para a súa consideración como tal ou cuxa data non se axuste aos prazos citados.
 - l. Unha partida do orzamento auxiliabile poderá xustificarse mediante unha ou varias facturas relativas aos conceptos de gasto incluídos na dita partida, sempre que a dita partida admita a desagregación en distintos conceptos.
3. O xustificante do pagamento de facturas realizárase mediante a presentación dalgún dos documentos que se relacionan a seguir:
- a. Xustificante bancario do pagamento pola persoa beneficiaria (transferencia bancaria, ingreso de efectivo na entidade, certificación bancaria, etc.), en que conste o número da factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa beneficiaria que paga e do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.
 - b. Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio, etc.) achegarase a factura xunto coa copia do efecto mercantil, acompañado da documentación bancaria (extracto da conta da persoa beneficiaria, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.) en que conste claramente que o dito efecto foi efectivamente cargado na conta da persoa beneficiaria dentro do prazo de xustificación.
 - c. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas imputadas ao proxecto, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas obxecto do mesmo.
 - d. No caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, cada un destes deberá facer referencia á factura a que se imputa o pagamento, e acompañarase unha relación de todos os documentos de pagamento e importes acreditativos do pagamento desa factura.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

- e. No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, deberá identificarse claramente no documento de pagamento a factura ou facturas cuxo pagamento se imputa ao proxecto.
- f. No caso de facturas en moeda estranxeira, deben xuntarse os documentos bancarios de cargo en que conste o cambio utilizado.
- g. Non se admitirán en ningún caso como xustificantes os documentos acreditativos obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

CAPITULO II

Convocatoria

Artigo 22. *Convocatoria*

Convócanse para o exercicio orzamentario 2025, en réxime de concorrência competitiva, as axudas para o fomento da utilización de maquinaria en réxime asociativo en Galicia (procedemento administrativo MR351A), financiadas co instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, de acordo coas bases reguladoras establecidas no capítulo I desta Orde.

Artigo 23. *Prazo de solicitude da axuda*

O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 24. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación e na mesma orde:

(NEL ESCRIBIR AO DORSO)
A4 (210X297 m.m.) UNE



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

- a. Acreditación da persoa representante legal da súa representación (se fose o caso).
- b. Estatutos en vigor.
- c. Balance e conta de resultados da empresa. As PEME deben achegar os do último exercicio, as non PEME os dos dous últimos exercicios.
- d. Memoria xustificativa asinada polo secretario/a e co visto e praxe do presidente/a ou representante legal da entidade, que inclúa como mínimo, e na mesmo orde, os seguintes puntos:
 - i. Situación actual: actividades que se desenvolven e marco xeográfico; datos básicos da estrutura de cada explotación das persoas socias beneficiadas: características da maquinaria e equipamentos existentes, instalacións dispoñibles, tipo de manexo e aproveitamento da superficie agraria útil (SAU) e efectivos gandeiros etc. (No caso de cooperativas de máis de 35 persoas socias os datos básicos da estrutura da explotación serán referidos a unha explotación tipo á que prestan servizos, e non a de cada persoa socia).
 - ii. Relación dos investimentos solicitados e, de ser o caso, xustificación de por que a escolla non recae na proposta económica máis vantaxosa.
 - iii. Valor contable do parque de maquinaria no momento da solicitude de axuda.
 - iv. Facturación media ao conxunto das persoas socias nos tres anos anteriores.
 - v. Relación dos integrantes do consello reitor da entidade, no que se indique a porcentaxe de mulleres que o compoñen.
- e. Relación nominal das persoas socias, incluíndo DNI, en formato ods, xls ou.xlsx.
- f. Estudo técnico-económico de viabilidade, en concordancia coa memoria, elaborado por técnico ou equipo técnico competente e formalmente



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

independente da entidade solicitante que, polo menos na súa vertente técnica, deberá ser asinado por un titulado universitario na rama agraria.

O estudo deberá xustificar a mellora do rendemento global das explotacións agrícolas beneficiarias do investimento ou servizo obxecto de axuda, e incluírá, por esta orde, os seguintes datos:

- i. Investimentos que se realizarán, xustificando a súa necesidade.
 - ii. Descrición técnica.
 - iii. Carga de traballo prevista. (nº horas/ano)
 - iv. Rendementos previstos. (h/Ha)
 - v. Orzamento desagregado.
 - vi. Custos horarios. (€/hora)
 - vii. Financiamento previsto.
 - viii. Análise económica da súa viabilidade, que inclúa, como mínimo, indicadores económicos básicos e análise comparativa cos custos de mercado (valor engadido bruto, valor engadido neto, TIR) da entidade asociativa.
 - ix. Nas cooperativas que contén con 35 persoas socias ou menos, localización principal de todas as explotacións. Debe incluír un plano de situación no que se verifique que a localización principal todas elas están nun radio de 20 km.
 - x. Comparación do custo das operacións a realizar coa maquinaria solicitada e sen esta maquinaria.
- g. Tres orzamentos para cada máquina solicitada, de empresas non vinculadas entre elas nin co solicitante, con obxecto social a fabricación ou subministración dos bens incluídos na oferta.

As ofertas incluírán:

- i. NIF.
- ii. Nome e enderezo da empresa oferente.
- iii. Nome ou razón social da entidade solicitante da axuda.
- iv. Data de expedición.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

Deberán detallar claramente os conceptos dos bens polos que se solicita axuda (fabricante e características técnicas).

No caso de maquinaria que inclúa “extras”, detallaranse e valoraranse por separado.

Poderán ser menos de tres no caso de que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren.

A escolla entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a escolla cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Así mesmo, os controis administrativos sobre as solicitudes de axuda incluírán a comprobación da moderación de custos de acordo co indicado no artigo 48 do Regulamento (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do parlamento Europeo e do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

- h. O catálogo comercial que detalle as características técnicas de cada máquina escollida.
- i. Certificación dun grupo operativo da Asociación Europea de Innovación ou dunha Axencia de Innovación de que os investimentos son innovadores (se fose o caso). No caso de investimentos con carácter innovador, será requisito indispensable para ser elixible o aliñamento do proxecto cos retos, prioridades e ámbitos de priorización da Estratexia de Especialización de Galicia (RIS3).
- j. Anexo II comprobación de datos das persoas técnicas que elaboran o estudo técnico-económico.
- k. No caso de solicitantes aos que lles sexa de aplicación o artigo 13.3 bis da Lei 38/2003, do 17 de novembro (subvencións de importe superior a 30.000 euros):



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

1. As persoas xurídicas que, de acordo coa normativa contable, poidan presentar unha conta de perdas e ganancias abreviada, certificación asinada polo órgano de administración ou equivalente, con poder suficiente de representación, na que alegan acadar o grao de cumprimento dos prazos de pagamento previstos na citada Lei 3/2004, do 29 de decembro. Poderase substituír pola documentación prevista no punto seguinte.
2. Persoas xurídicas que, de acordo coa normativa contable, non poidan presentar conta de perdas e ganancias abreviada:
 - i. Certificación expedida por un auditor de contas inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas que conteña un desglose da información de pagamento descrita na memoria das últimas contas anuais auditadas, cando consta que se acada o nivel de cumprimento dos prazos de pagamento establecido na Lei 3/2004, do 29 de decembro, determinada neste apartado, a partir da información exixida pola disposición adicional terceira da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro.
 - ii. No caso de que non fose posible expedir o certificado a que se refire o apartado anterior, «Informe de Procedementos Acordados», elaborado por un auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, quen, en base á revisión dunha mostra representativa das facturas pendentes de pagamento aos provedores da empresa a unha data de referencia, conclúa sen que se detecten excepcións ao cumprimento dos prazos de pagamento da Lei 3/2004, do 29 de decembro, ou no caso de que se detecten, non impidan acadar o nivel de cumprimento exixido.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.
4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 25. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a. NIF da entidade solicitante
- b. DNI/NIE da persoa representante

(NEL ESCRIBIR AO DORSO)
A4 (210X297 m.m) UNE



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

- c. NIF da entidade representante
 - d. Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT
 - e. Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social
 - f. Certificado de estar ao día do pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma
 - g. Inhabilitación para obter subvencións e axudas
 - h. Concesión de subvencións e axudas
 - i. DNI/NIE das persoas técnicas que elaboren o estudo técnico económico
 - j. Título oficial universitario da rama agraria das persoas técnicas que elaboren o estudo técnico económico
 - k. Inscripción no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola
 - l. Datos de vehículos
2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.
- Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.
3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 26. Criterios de selección de operacións

1. Ordenaranse as solicitudes presentadas de acordo cos criterios de prioridade indicados neste artigo e aprobaranse os proxectos de maior a menor puntuación ata esgotar o orzamento dispoñible.
2. Establécense os seguintes criterios de prioridade:

Criterio	Parámetros	Documentación	Verificación sectorial	Ponderación
1- Tipoloxía da entidade solicitante	Cooperativa Agraria con sección/servizo de maquinaria	Solicitud	Inscripción no Rexistro	5 puntos
	Cooperativa de utilización	Solicitud	Inscripción no Rexistro	4 puntos

(NEL ESCRIBIR AO DORSO)
A4 (210X297 m.m) UNE



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

Criterio	Parámetros	Documentación	Verificación sectorial	Ponderación
	de maquinaria en común CUMA			
	SAT procedente de fusión ou cooperativa comunitaria de terra	Solicitud	Inscripción no Rexistro	3 puntos
2- Valor contable do parque de maquinaria	≥ 2.000.000 €	Solicitud		3 puntos
	<2.000.000 e ≥ 1.000.000 €	Solicitud		2 puntos
	< 1.000.000 e > 500.000 €:	Solicitud		1 punto
3- Facturación media das persoas socias nos tres anos previos	≥ 1.000.000 €	Balance e conta de resultados		3 puntos
	< 1.000.000 e ≥ 500.000 €	Balance e conta de resultados		2 puntos
	< 500.000 e > 100.000 €	Balance e conta de resultados		1 puntos
4- Porcentaxe de mulleres que integren o Consello reitor da entidade solicitante	≥ 50%	Solicitud		2 puntos
	< 50 % e ≥ 40%	Solicitud		1 punto
5- Investimentos en proxectos innovadores		Solicitud		1 punto
6- Investimentos en proxecto de cooperación		Solicitud		1 punto

As solicitudes cunha puntuación inferior a 5 puntos non serán subvencionables por non alcanzar os criterios de priorización mínimos.

3-En caso de igualdade na aplicación do baremo terán prioridade as entidades solicitantes con investimentos en proxectos innovadores, seguido polos investimentos en proxectos de cooperación. Se aínda persistira o empate, priorizarase segundo a orde indicada nos criterios de selección.

Artigo 27. Contía económica das axudas

1. Os fondos dispoñibles para pagar as subvencións asignaranse en dúas partidas:
 - a. Partida 1 para subvencionar a maquinaria de distribución de puríns e a maquinaria de tratamentos fitosanitarios que contribúen a mitigación-adaptación ao cambio climático, dotado co 50% do crédito.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

- b. Partida 2 para subvencionar o resto da maquinaria agrícola, dotado co 50% restante do crédito.

Porén, os fondos asignados poderán transvasarse parcialmente dunha partida á outra, se é que nunha delas non se consumen completamente.

- 2. O importe da axuda será do 35% dos custes elixibles, que poderá incrementarse ata un máximo do 50% en función da aplicación dos seguintes criterios:
 - a. 5% no caso de investimentos en zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas recollidas no artigo 32 do Regulamento (UE) 1305/2013.
 - b. 10% no caso de investimentos colectivos, cando a persoa beneficiaria procede dunha fusión.

Artigo 28. *Prazo de xustificación e ampliación*

- 1. O prazo de execución e xustificación destas axudas remata o 31 de outubro do 2025.
- 2. O prazo para solicitar un anticipo será dun mes dende a notificación da concesión da axuda.
- 3. Atendendo ao artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, poderase conceder unha ampliación do prazo establecido, que non exceda da metade do mesmo, se as circunstancias o aconsellan e isto non se prexudican dereitos dun terceiro. Esta ampliación deberá solicitarse cunha anterioridade de polo menos 1 mes antes de que acabe o prazo de execución.

Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de xustificación. Os acordos sobre ampliación dos prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso.

- 4. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado a solicitude de pago, requirirase a persoa beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da solicitude no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro das cantidades percibidas e poderá supor a apertura dun expediente sancionador segundo se establece na Lei de subvencións de



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá a persoa beneficiaria das sancións que conforme á lei correspondan.

Artigo 29. Xustificación e pagamento da axuda

1. Só serán subvencionables os investimentos que se realicen e que se xustifique o seu gasto e pagamento con posterioridade á data de presentación da solicitude.
2. Unha vez realizados os investimentos ou gastos previstos, e cumpridos, de ser o caso, os compromisos adquiridos, as persoas interesadas deberán comunicalo, presentando tamén a documentación e os xustificantes dos investimentos efectuados, en que se incluírán os correspondentes ao gasto e pagamento destes. Esta comunicación terá a consideración de solicitude de pago, para os efectos do Regulamento de Execución (UE) nº 809/2014 da Comisión.
3. As solicitudes de pagamento da axuda deberán acompañarse das correspondentes facturas e xustificantes de pago.
4. Respecto das condicións de admisibilidade da adquisición de bens mediante fórmulas de financiamento e pagamento que difiren a adquisición da plena propiedade do ben, terase en conta o seguinte:
 - a-Os bens deberán ser adquiridos pola persoa beneficiaria en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de financiamento que condicionen a adquisición da propiedade do ben a un momento posterior (contratos de financiamento de bens con reserva de dominio, leasing, etc.) só se consideran subvencionables sempre que os bens pasen a ser da propiedade plena da persoa beneficiaria antes da finalización do prazo de xustificación da axuda. En concreto, a adquisición de maquinaria e equipamento a través de operacións de arrendamento financeiro só será subvencionable se o contrato inclúe o compromiso de compra en que se prevexa que a persoa beneficiaria chegue a ser propietario da maquinaria ou equipamento de que se trate dentro do prazo límite de xustificación da axuda. O importe máximo subvencionable non superará o valor de mercado do activo arrendado.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

- b. En ningún caso serán subvencionables outros custos ligados ao contrato de arrendamento financeiro, tales como impostos, marxe do arrendador, custos de refinanciamento dos xuros, gastos xerais ou gastos de seguros.
 - c. Non serán subvencionables as adquisicións de bens no marco dun sistema de venda e arrendamento retroactivo (lease-back).
5. Unha vez presentada a solicitude de pago dos investimentos, o persoal designado pola Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, realizará os correspondentes controis administrativos previos ao pagamento das axudas. Non se proporán para pagamento as certificacións inferiores a 20.000 euros de investimento elixible.
 6. Os investimentos realizados, no caso de variación sobre os aprobados, deben garantir suficientemente que se cumpre o obxectivo perseguido no momento da solicitude. De non ser así, iniciárase o procedemento de perda do dereito ao cobro.
 7. Nos casos en que a persoa beneficiaria non execute na súa totalidade os investimentos para o cal ten concedida a axuda ou se produzan desviacións substanciais entre o investimento realizado e aprobado, deberá indicar na solicitude de pago os investimentos polos que a solicita, recalculándose a axuda segundo corresponda á redución do investimento.

Artigo 30. *Anticipo*

1. As persoas beneficiarias destas axudas cuxos investimentos lles esixan pagamentos inmediatos poderán solicitar un anticipo máximo do 50 % da axuda aprobada sen que se supere a anualidade prevista no exercicio orzamentario.
2. O anticipo aboase a condición de que a persoa beneficiaria constitúa unha garantía por un importe do 100% das cantidades anticipadas.

Artigo 31. *Financiamento das axudas*

1. O financiamento das axudas recollidas na presente orde, con 100% fondos EURI, efectuarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, 15.04.712B 772.0 (CP 2021 00157), cun importe para o ano 2025 de 1.440.000 euros.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**

2. Dita aplicación orzamentaria poderá incrementarse, segundo se establece no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de xerar, ampliar ou incorporar crédito, ou coa existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito incluído no mesmo programa.
3. Esta convocatoria de axudas tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, e coa Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2025, no momento da resolución.

Disposición adicional primeira. *Normativa aplicable*

As axudas a que se refire esta orde, ademais do previsto por ela e polas súas normas de desenvolvemento, rexeranse por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición adicional segunda. *Base de Datos Nacional de Subvencións*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo: Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias***Disposición adicional terceira. Protección de datos*

De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición transitoria. Modificación do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

A resolución das axudas previstas nestas bases reguladoras está condicionada á aprobación pola Comisión Europea da novena modificación do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa

Facúltase a persoa titular da dirección xeral competente en agricultura, gandería e industrias agroalimentarias para ditar as instrucións que considere oportunas para a execución da presente orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2024

María José Gómez Rodríguez

Conselleira do Medio Rural

INSÍRASE EN DOG

O secretario xeral técnico

Jorge Atán Castro

